

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Tesourería e Recadación

Período de ingreso en voluntaria do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, exercicio 2026

ANUNCIO

PERÍODO DE INGRESO EN VOLUNTARIA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA, EXERCICIO 2026

Por resolución do Concelleiro da Área de Economía e Planificación Estratéxica, de data 9 de febreiro de 2026, estableceuse entre o **3 de marzo e o 5 de maio de 2026**, o período de ingreso en voluntaria do seguinte tributo:

Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, exercicio 2026.

Durante o devandito prazo os obrigados ó pagamento poderán satisfacer as súas débedas a través de:

- Bancos e Caixas de Aforros, que teñan o carácter de Entidade Colaboradora, no seu horario de apertura ó público, nos caixeiros automáticos ou a través da banca electrónica das mesmas accesible aos seus clientes.
- Na Caixa Municipal sita na r./ Franxa, 20, de 8:00 a 14:00 horas, agás sábados e festivos.
- A través de internet, con ou sen certificado dixital, a través da pasarela de pago dispoñible ao efecto ou dende a sede electrónica do Concello.
- Xiro postal nas oficinas de Correos (esta última modalidade implica o pago da tarifa vixente).

Advertenza importante.- Débito por domiciliacións:

En aplicación do Real Decreto-Lei 19/2018, de 23 de novembro, de servizos de pago e outras medidas urxentes en materia financeira, e do artigo 95.5 da Ordenanza Xeral de Xestión, Recadación e Inspección dos tributos e outros ingresos de dereito público municipal do Concello da Coruña, publicada no BOP nº 233 de 3 de decembro de 2024, o cargo na conta do importe dos recibos domiciliados farase o día **10 de abril de 2026**.

ENTIDADES COLABORADORAS:

- BANCO SANTANDER, SA
- BANCO DE SABADELL, SA
- CAIXABANK, SA
- ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, SA
- BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, SA

Transcorrido o período de cobramento en voluntaria sinalado, sen que se satisfixeran as débedas, iniciárase o procedemento de constrinximento de conformidade co disposto no artigo 69 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo e artigo 96 e seguintes da citada da Ordenanza Xeral de Xestión, Recadación e Inspección dos tributos e outros ingresos de dereito público municipal do Concello da Coruña, coas recargas previstas no artigo 28 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, custas e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

A non recepción do documento de cobro no domicilio non exonera da obriga do pagamento, nin impide o emprego da vía de constrinximento.

Recórdase que para anos sucesivos poderá acollerse, previa petición, ao plan de pago personalizado, que permite pagar as débedas ata en 6 prazos e cun desconto do 3% nos impostos do IBI e IVTM.

A Coruña, 24 de febreiro de 2026

Concelleiro responsable da Área de Economía e Planificación Estratéxica

José Manuel Lage Tuñas